



26 DE MAIO DE 2026

Valoramos o novo Plan para o impulso da atención á diversidade como un avance froito do diálogo e do Acordo sobre Medidas de Mellora

As organizacións asinantes reclamamos agora concreción normativa, calendario claro, criterios transparentes de dotación e seguimento sindical para garantir que os recursos cheguen aos centros que máis os precisan.

CCOO Ensino, ANPE, UGT-SP e CSIF valoramos positivamente o [anuncio realizado pola Xunta de Galicia](#) sobre o novo **Plan para o impulso da atención á diversidade**, que supón un novo avance no desenvolvemento das medidas de mellora do ensino público galego a través do diálogo coa Consellería de Educación.

Este Plan non xorde da improvisación nin dun anuncio illado. **Forma parte da liña de traballo aberta no marco do Acordo sobre Medidas de Mellora asinado en 2023** e das novas propostas consensuadas coas organizacións sindicais asinantes para ampliar os avances tamén á etapa de Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e ensinanzas de réxime especial. A atención á diversidade foi, desde o inicio, unha prioridade sindical, porque é unha das necesidades máis evidentes dos centros e unha das principais demandas do profesorado e das familias.

O anuncio dun reforzo e consolidación de persoal especialista supón un paso relevante: a incorporación progresiva de profesionais de Pedagogía Terapéutica na ESO, a estabilización de postos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en Infantil e Primaria, e o reforzo dos servizos de orientación deben contribuír a mellorar a resposta educativa ao alumnado que máis apoio precisa.

Para as organizacións asinantes **esta medida ten especial importancia porque aposta por recursos estruturais, non por solucións puntuais ou precarias**. A mellora da atención á diversidade require persoal estable, planificación, coordinación e tempo profesional suficiente nos centros. Por iso, este Plan debe entenderse tamén en relación co resto de medidas xa anunciadas: recuperación das 18 sesións lectivas en Secundaria, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial; recoñecemento horario da función titorial; incremento da dotación horaria dos equipos directivos; e adianto da redución de ratios na ESO ao curso 2028/29.



Todas estas medidas responden a unha mesma lóxica: **reforzar o sistema educativo público galego, mellorar as condicións de traballo do profesorado e avanzar cara a unha atención máis individualizada e inclusiva para o alumnado.**

CCOO Ensino, ANPE, UGT-SP e CSIF consideramos que o anuncio é positivo, mais **lembramos que agora é imprescindible concretar a súa aplicación.** Reclamamos que a Consellería negocie canto antes as correspondentes modificacións normativas, o calendario de implantación, os criterios de distribución dos novos efectivos e os mecanismos de seguimento do Plan.

Tamén esiximos que a **asignación de recursos se realice con criterios obxectivos, transparentes e vinculados ás necesidades reais dos centros:** volume de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, complexidade socioeducativa, dispersión territorial, carga dos departamentos de orientación, número de unidades e características de cada etapa educativa.

A redución da burocracia anunciada debe traducirse en medidas reais e avaliáveis. A dixitalización e as novas ferramentas de xestión só serán útiles se serven para liberar tempo profesional, mellorar a coordinación e permitir que orientadores, equipos docentes e profesorado especialista poidan centrarse no acompañamento educativo, na intervención directa, na adaptación de materiais e probas e na resposta ás necesidades do alumnado.

As organizacións asinantes reiteramos que **este avance demostra a utilidade da negociación colectiva.** Fronte aos discursos que negan os resultados ou pretenden presentar como illados avances que forman parte dun proceso negociado, a realidade é clara: **o diálogo sostido, o traballo sindical responsable e a unidade das organizacións asinantes están permitindo consolidar melloras reais nos centros.**

Seguiremos traballando para que o Plan para o impulso da atención á diversidade se desenvolva con garantías, para que os recursos anunciados cheguen onde máis se necesitan e para que o ensino público galego continúe avanzando en equidade, inclusión e calidade.